



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O concello solicitou unha subvención ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), para a realización da obra ou servizo denominado/a “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E XESTIÓN BIOMASA.

A concesión de dita subvención foi notificada o 23 de abril de 2024, para a contratación de dúas persoas desempregadas, a xornada completa e durante un período de 9 meses, por un importe total de 31.751,28 €. A contratación deste persoal debe estar realizada antes do 20 de maio de 2024.

A Orde de subvencións establece que: “As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados; deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

- a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número 5 ou trate de favorecer os colectivos enumerados neste. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, con especial atención na eliminación dos estereotipos de xénero, tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.
- b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.
- c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.
- d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, preferentemente cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.





- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.”

En base a estas esixencias e as circunstancias propias derivadas do escaso prazo para a contratación, e consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e respectando os mínimos establecidos no Estatuto Básico do Empregado Público e Estatuto dos Traballadores, pola presente, **Resolvo:**

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria para a contratación temporal de dúas persoas desempregadas, para a obra ou servizo denominada “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E XESTIÓN BIOMASA”, co seguinte contido:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DUAS PERSOAS DESEMPREGADAS PARA REALIZAR O SERVIZO TEMPORAL DE “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E XESTIÓN DA BIOMASA”.

1ª .- Obxecto. As presentes bases teñen por obxecto a contratación laboral temporal de dúas persoas en situación de desemprego, para realizar a obra ou servizo denominada “Prevención e defensa contra incendios forestais e xestión da biomasa”, por un prazo de nove meses, a xornada completa, mediante contrato temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

O contrato sería como peon, no grupo de cotización 10 e cunha retribución bruta mensual correspondente ó Salario Mínimo Interprofesional aplicable, incluíndo a parte proporcional das pagas extras.

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselles polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde.

2ª .- Financiación. Esta contratación financiarase coa subvención concedida a este concello pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, conforme ó establecido na Orde de 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

3ª.- Forma de Selección. A selección farase por un tribunal constituído como mínimo por tres persoas, de entre o persoal municipal ou persoal especializado doutras administracións públicas.





4ª.- Solicitud de Candidatos. O concello realizará unha Oferta específica á Oficina Pública de Emprego de Ribadeo, para que se lle remitan todas as candidaturas posibles que cumpran cos requisitos establecidos para optar a este posto de traballo. As persoas aspirantes deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.

5ª.- Admisión de Aspirantes. Unha vez que a Oficina Pública de Emprego remita o listado definitivo (ultimo día o 7 de maio de 2024), as persoas que figuren no listado remitido pola Oficina de Empego de Ribado deberán presentarse nas oficinas municipais do concello de Barreiros o día 8 de maio de 2024 ás 9:30 horas, con toda a documentación que poda ser valorada conforme o seguinte baremo de méritos:

- **Valoración de formación:** valorarase toda aquela formación que se acredite e que estea relacionada co posto de traballo. Cada curso valorarase con 1 punto.

- **Valoración de circunstancias persoais:** valorarase con 1 punto a pertenza a algún destes grupos, tal e como establece a Orde de convocatoria das subvencións:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración (mais de un ano).
- d) Persoas con discapacidade, sempre que a mesma non impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo a ocupar.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.
- i) Existencia de responsabilidades familiares.

Unha vez realizada esta valoración, o concello realizará, ese mesmo día, unha **proba práctica** a aqueles aspirantes que conseguisen unha maior puntuación, co fin de comprobar si os mesmos están capacitados para poder desenvolver as funcións que van ter que desenvolver. Esta proba non será eliminatória e puntuarase cun máximo de 5 puntos.

Terán preferencia para ser contratadas aquelas persoas que non estiveran contratadas a través deste tipo de axudas nos últimos tres anos.

6ª.- Órgano de Contratación. A alcaldía, á vista da valoración de todo o proceso, dictará resolución acordando a contratación das persoas que considere máis axeitadas.





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Segundo.- Remitir á Oficina de Emprego de Ribadeo oferta específica deste programa para que nos remitan, ata o 7 de maio de 2024, candidatos en número non inferior a tres nin superior a dez, que cumpran os requisitos.

Terceiro.- Fixar como data da reunión do tribunal o proximo día 8 de maio de 2024.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

